

Coa cultura provenzal, en Compostela*

Do 30 de outubro ó 3 de novembro de 1989 celebrouse na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela unha Semana cultural occitana en Galicia, coa participación de especialistas na lingua, na literatura, na prensa, na canción e na cinematografía deste pobo. Por distintos motivos os textos dos relatorios presentados non puideron ser publicados no seu día.

Hoxe reproducimos aquí as intervencións de tres dos participantes: Jean-Peir Darrigrand (Asociación Image/Imatge), Joan-Pèire Tardiu (poeta e redactor xefe da revista Oc) e Jòrdi Blanc (Edicions Vent Terral). Estas comunicacions preséntanse con pequenas adaptacións formais pero sen modificacións posteriores, e polo tanto refírense á actualidade do ano 1989.

A prensa e a edición occitanas hoxe

Tentarei ser o máis concreto e preciso posible –quizabes con inevitables esquematizacións– para presentar a situación socioeconómica da nosa literatura. Deste modo, procurarei evitar dous dos obstáculos cos que máis a miúdo nos atopamos:

Manter un discurso de sobrevaloración que só nos fai recordar o mellor da nosa historia cultural e da nosa situación actual. Por exemplo, ter só en conta ós trobadores ou a Mistral para a literatura, ou dar a esaxerada cifra –como se pode ler nalgunhas publicacións occitanas– de que hai trece millóns de occitanos porque outros tantos viven dentro dos límites da Occitania, sexan occitanos ou non. Non podemos dar un paso cara a adiante evocando sempre a nosa Idade de Ouro perdida ou inchando demasiado o número dos que somos e das forzas que podemos hoxe representar.

Ter un discurso demasiado pesimista, agónico. Esta foi a visión dramática dos Felibres, no século pasado, que se outorgaron a si mesmos o título de últimos

* A versión galega foi realizada desde o castelán (Jordi Blanc e Tardiu) e provenzal (Jean Peir Darrigrand) por M^a Carmen Alén.

xermolos do noso pobo. Hoxe, con términos parecidos, algúns poetas ou contestatarios seguen fieis a esta visión romancista e grandilocuente da agonía dun pobo.

Creo que ámbalas dúas visións son a manifestación da mesma imposibilidade de enfrontarse coa realidade e, en consecuencia, de actuar nela e de ser obreiros das transformacións do noso tempo.

Antes de empezar limitareime a recordar a diferenza que existe na situación xurídica, administrativa e política das linguas e das rexións no Estado español e no francés. Especialmente neste ano, no 1989, no que celebramos en Francia o bicentenario da Revolución e dos dereitos do home, non podemos esquecer que a Convención Nacional matou, ou polo menos, intentou conscientemente matar os idiomas outros que o francés.

Estes idiomas, que foron acusados dos peores vicios e defectos e que, segundo dixo o deputado occitano Barrère, conlevan a superstición relixiosa e a reacción política, foron durante anos e séculos rexeitados nas escolas.

Fronte a unha lingua, o francés, tan difundida e prestixiosa (e que tiña ademais a pretensión de ser a única en lograr a universalidade), o retroceso no uso de idiomas como o bretón, o flamengo, o alsaciano, o vasco, o occitano ou o catalán, condenados ideolóxicos e politicamente, foi tamén acelerado polas perdas humanas occitanas da guerra do 14-18 e pola dependencia e o subdesenvolvemento das rexións afastadas da capital.

Engadirei só que, no Estado francés (se cadra o máis centralizado de Europa), a política de rexionalización —que non se fixo ata esta década— pode considerarse máis como unha descentralización de todo o que paralizaba e condenaba ó estado central que como o nacemento dun verdadeiro poder autónomo rexional que tería permitido a emerxencia de novos poderes políticos e, máis aínda, dunha vida rexional verdadeira e dunha creación cultural autónomas, que fuxiran das modas de París.

Non podemos prescindir desta situación ideolóxico-política e das súas consecuencias económicas e sociais. A diminución no uso da lingua, a falta ata este momento de editoriais importantes nas rexións, e aínda máis, de medios informativos verdadeiramente autónomos constitúe a consecuencia directa deste ostracismo contra a lingua.

Pois ben, esta difícil situación é o noso marco cotián.

A prensa

Se empezamos pola prensa, ¿que podemos dicir para ser o máis obxectivos, exhaustivos, e sen embargo, o máis directos posibles? ¿como dar unha idea e debuxar en poucas palabras a paisaxe editorial occitana?

A primeira particularidade é quizabes a grande variedade de publicacións. Podemos distinguir entre:

Publicacións –periódicos e revistas– de fala francesa, rexionais ou comarcais, que, de cando en vez ou regularmente, deixan un sitio máis ou menos importante a textos literarios, a artigos de crítica ou de opinión, ou a informes sobre a nosa cultura.

Lingüisticamente poden ser en occitano de grafía clásica, en occitano de grafía afrancesada ou en francés. Tomaremos dous exemplos (e non dos máis malos):

A crónica semanal de Andrieu Lagarda en *La Dépêche du Midi* de Tolosa, «Actualitat Occitana». Estase a publicar desde hai 20 anos, e con motivo deste aniversario a dirección do xornal propúxose completala con crónicas complementarias. É evidente que non o faría se non houbera lectores.

O diario comunista *La Marseillaise*, que tódolos xoves publica unha páxina enteira con artigos e informacións occitanas.

Publicacións occitanistas que abarcan toda Occitania. Son revistas e periódicos de grupos militantes ou de asociacións de defensa e promoción da lingua e da cultura.

Unhas –as máis antigas– estanse a publicar desde principios de século. As máis prestixiosas son:

Oc, revista fundada en 1923. Foi nun tempo, aínda que hoxe xa non, a revista do Institut d'Estudis Occitans (I.E.O)

Lo gai saber, fundada poucos anos despois. Segue a publicarse. Foi dirixida polo Padre Salvat, e hoxe por Filip Carbona.

Outros títulos son moito máis recentes, por exemplo a revista *Occitáns!* do I.E.O., ou *Mapamonde*, pequeno boletín de novas internacionais, da mesma organización.

Lingüisticamente estas publicacións tamén poden estar escritas en occitano, ser bilingües ou mesmo empregar o francés. Isto último sobre todo por parte das revistas políticas occitanas (o que invita a preguntar polo significado de semellante occitanismo).

Revistas e xornais occitanos rexionais ou comarcais

Son moi numerosos, e a súa variedade está relacionada coa diversidade xeográfica, histórica e social de Occitania, pero tamén coa nosa diversidade dialectal e coa nosa patolóxica situación lingüística, sen esquecer as numerosas rivalidades ideolóxicas, políticas, persoais e, nunha palabra, o noso confinamento.

Sen embargo, algunhas chegaron a ser institucións recoñecidas, necesarias e moi ben adaptadas ás súas rexións respectivas. Así, podemos citar:

Prouvéno d'aro de inspiración felibrista e cunha tirada mensual bastante importante;

Aquó d'aquí tamén para Provenza e máis recente.

Per Noste para Gascaña.

La cabreta para o Norte do languedociano.

L'Esquilón para Rouergue.

Podemos engadir a estas tres clases de publicacións algunhas voces que nos chegan da emigración. Estanse a publicar en París *Los Annals de I.E.O.*, revista científica deste organismo, e *Lo Shiulet*, periódico político gascón.

O que destaca desta situación é o gran número de títulos, pero todos con tiradas moi baixas, con poucos subscritores e unha presentación ás veces modesta, ingrata e atrasada. É patente a falta de profesionalismo desta prensa que só vive da boa vontade e dos esforzos dos militantes. Tamén é evidente a súa escasa especialización.

A pesar dunha dicotomía en publicacións literarias e culturais por unha banda, e publicacións políticas por outra (podemos sinalar *Lo Shiulet*, do que xa falamos, *Occitania*, *Volem viure al país*, un dos escasos periódicos políticos que sobreviviu do período glorioso dos setenta), pódense atopar en calquera delas artigos ou textos de toda índole: fálase de lingua –ou mellor, de lingüística– pero tamén de literatura e de cultura ó lado das novas políticas, económicas e sociais que poden influír na nosa vida, da vida das organizacións occitanas (coas súas inevitables polémicas que, sen embargo, estan a acougar nos últimos anos). A escasa e ás veces irregular periodicidade das noticias fai que cando chegan ós lectores estes xa estean informados pola prensa de fala francesa, a radio e a televisión. E finalmente, nesta prensa fálase un pouquiño, en dose homeopática, de asuntos xerais, sexan culturais, políticos ou económicos. Trátase só do xenuíno e faltan asuntos e preocupacións exteriores, ideas novas.

A situación lingüística desta prensa non é moi boa. Xa aludimos á omnipresencia do francés, ás diferencias de grafía: clásica ou afrancesada. A causa da falta de coñecemento da lingua, por individualismo frenético e por falta de profesionalismo –carecemos de correctores–, pode atoparse de todo na maioría das publicacións, o mellor e o peor. A multiplicidade e a variedade da prensa occitana non é forzosa-mente signo de boa saúde e de vida normal, senón a manifestación das nosas dificultades, da nosa cancerización.

Para que nos quede unha impresión máis optimista podemos lembrar as excepcións que xa citamos e completalas:

Prouvenço d'aro, *Per Noste* e *L'Occitan* pola súa regularidade e pola súa audiencia.

A revista literaria *Oc* pola calidade dos seus textos, ademais da lingua e da grafía.

Aquó d'aquí e tamén *Occitans!* polo esforzo que fan cara a unha presentación atractiva e de nivel profesional.

A edición

Como acabamos de facer para a prensa, tentaremos debuxar as particularidades máis sobresalientes da edición occitana. As editoriais que publican libros occitanos poden ser de catro tipos:

Editoriais comerciais francesas, parisiñas ou non. Non teñen coleccións especializadas. En xeral publican obras de autores xa recoñecidos, sexa prosa ou poesía, en edicións bilingües. Como exemplo podemos citar: Gallimard, Flammarion, Privat.

Pequenas editoriais que non se limitan ó coñecido, que fan proba da súa orixinalidade e aceptan o risco. Trátase de editores singulares, *einzigartige Verleger*, como os cualificaron hai pouco na Feira do Libro de Frankfurt. Podemos citar: Vent Terral e Federop.

Asociacións culturais occitanas, non especializadas na edición, que, entre outras actividades, fan edicións, ás veces de maneira cuantitativamente importante. Podemos citar o I.E.O. e as edicións felibreanas.

Autores illados que editan persoalmente as súas propias obras.

O mesmo que sucedía coa prensa, a edición de libros amosa falta de profesionalidade, maiormente por parte das asociacións que non teñen como único fin a edición e por parte de autores illados. Os manuscritos non son obxecto dunha selección moi rigorosa, e a miúdo o autor non recibe críticas por parte do editor, nin tampouco suxestións, incitacións ou exhortacións para volver traballar e mellorar o seu texto (o que é algo normal para tódalas literaturas de situación socio-económica normal). ¡Cantos libros poderíamos ter mellorado –ás veces con moi poucas intervencións– e producir case obras mestras! Moitas veces tampouco hai correctores competentes, e non é raro que o libro chegue ás mans do lector con moitas faltas de grafía e mesmo de lingua. Isto é un grave problema para os que pretenden aprender a lingua lendo.

Non merece a pena falar do papel importante que pode ter o editor pedindo libros ós autores sobre temas que pensa que pagan a pena e que corresponden a unha necesidade ou a un interese por parte do público. Os autores e editores non temos o aguillón da demanda senón o mérito que nos dá a nosa vontade.

Se temos en conta os xéneros, atopamos fortes distorsións coa repartición acostuada nas literaturas que gozan de condicións de existencia menos difíciles. Os ensaios, os libros de historia, os libros científico-prácticos representan –ata estes últimos anos– moi pouco, comparados cos libros de literatura. E dentro da propia literatura –se exceptuamos unha tendencia recente– a poesía representa unha parte demasiado importante da produción. Son moi escasas as traducións do francés e de idiomas estranxeiros. As reedicións de obras clásicas da nosa literatura son excepciónais.

Ámbolos dous fenómenos teñen consecuencias limitativas sobre as nosas posibilidades de creación. A literatura faise a partir da vida, e tamén partindo da tradición, sexa prolongándoa ou sexa discutíndoa. ¿Como pode ser productiva e fructífera unha tradición que non se transmite correctamente ós autores novos?

Sen embargo, o público renóvase, a cifra das tiradas aumenta (500 exemplares para un libro de versos, de 1000 a 2000 para un libro de prosa). Tamén hai algunhas reedicións (Joan Bodon, Max Roqueta e outros autores non tan coñecidos), pero iso non basta para dar ós nosos escritores e á nosa literatura outro estatuto social e mellores condicións concretas de funcionamento. Poucos autores (Joan Bodon, Max Roqueta, Robert Lafont, Bernat Manciet) gozan dun recoñecemento parisiño.

O papel máis que secundario da lingua e da cultura occitanas no ensino e nos medios de comunicación non pode sacar ó público do seu analfabetismo e iletrismo, aínda que os prexuízos sobre a nosa cultura e a nosa lingua xa non estean tan vixentes. Os vellos morren, e con eles quéimanse bibliotecas, como xa sucedeu en África. Ós novos só lles resta a aculturación no francés, e cada día máis no inglés.

E non falemos xa de iso que chaman, nos países máis afortunados e para linguas menos desprezadas, a vida literaria. Padecemos a ausencia de revistas literarias ricas e vivas e, en consecuencia, de debate literario. Aínda que se organicen algúns encontros entre autores e público, nesas faladoiros nunca se logra tratar propiamente de literatura, senón de particularidades lingüísticas, inesgotables, de curiosidades biográficas ou anecdóticas.

Persoalmente, e non tanto como autor, creo ou teño adoptado a posición de que escribir é un acto solitario. Pero como editor podó testemuñar da grande soidade do escritor occitano, que non ten máis crítica cá do eco si se lle antolla ler en voz alta diante dunha parede.

Sen embargo, pese a este panorama negativo e pesimista que estamos a describir, a situación da edición de libros, aínda que é moi parecida á dos xornais, non é tan crítica. E podemos buscar as razóns diso. Publicar un libro non xera tantos problemas, é algo excepcional ou accidental que non presupón a existencia dunha editorial; é unha operación que non se repite obrigatoriamente. Mentres que a publicación de xornais ou revistas supón a existencia dunha estrutura editorial ou asociativa, e polo tanto a repetición e a regularidade.

A esa necesidade editorial podemos engadir que o libro corresponde dentro da nosa situación a un produto moito máis solicitado, moito máis axeitado para ser vendido, cós xornais. Para tódolos que non coñecen moito ou nada da lingua, ou que non saben lela -e incluímos dentro dese público lector a alumnos e a estudantes- o libro representa un medio de occitanización fiable e sinxelo. Ofrece unha elección máis variada, pode entrar facilmente na escola. E ademais os libros non se perden en consideracións obvias, coloquiais, como fan a miúdo as revistas.

Mentres que ningún xornal ou revista -excepto o caso particular da publicación neofelibreana de *Prouvènço d'aro*- foi quen de capitalizar o aumento do público letrado, a edición de libros seguiu o seu avance entre o público e no desenvolvemento do ensino da lingua e da cultura.

Hai que ter en conta, por exemplo, os anos que precederon e que sucederon a 1968. Os temas estritamente culturais do occitanismo (confidenciais e limitados a algunhas persoas e a case un único organismo, o I.E.O.) pasan a ser económicos, sociais e políticos. Mentres nace a nova canción occitana multiplícanse as edicións,

tanto en títulos coma en tirada. As edicións do I.E.O. son suplantadas en dinamismo e en orixinalidade por dúas iniciativas coetáneas moi diferentes: unha editorial comercial especializada na edición de libros occitanos (*Lo libre occitan*) –ninguén podería ter imaxinado un acontecemento semellante– e unha editorial militante, que xunta poesía e acción, lingua occitana e protesta política e social (*Quatre Vertats*). ¿A defensa da lingua occitana? «Unha razón para poñer patas arriba o vello mundo»: a palabra poética tórnase principio de acción...

Na década seguinte, a dos anos setenta, asistimos, en tódolos ámbitos, a un verdadeiro cambio editorial: multiplicación de títulos, creación de novas coleccións e de novas editoriais, aumento de tiradas que a miúdo se esgotan, multiplicación das reedicións, e non só para as obras de Joan Bodon, que chegan hoxe á cuarta ou á quinta edición.

Podemos poñer dous exemplos do mesmo ano, o 73. Fúndase unha nova colección de prosa literaria *A Tots* (publicada polo I.E.O.) que alcanza hoxe máis de cen títulos, e unha nova editorial *Vent Terral*, que tratará de abrir á expresión occitana, ademais da literatura, ós comics, historietas curtas, ensaios e libros científicos.

Correlativamente prodúcense dous fenómenos:

Unha inversión dos xéneros. Namentres que antes era a poesía a que estaba representada no ámbito da expresión do occitano, a novela e a novela curta sácanlle hoxe vantaxe. Este fenómeno está simbolizado pola colección *A Tots*.

- Unha mudanza dos temas. Mentres antes que os escritores empregaban o seu idioma só para temas nos que o occitano era de uso normal, nos medios populares ensánchanse os temas e diversifícanse as situacións.

Isto pode simbolizarse con algúns títulos de *Vent Terral*:

Unha tradución occitana do *Manifesto del Partido comunista*.

Un libro de viaxes sobre Afganistán: *Portulan*.

Outro libro sobre a guerra de Alxeria: *Terra deis autres* (terra allea).

Un libro de investigación sociolóxica sobre os occitanistas: *Occitans sens o saber*.

Na década seguinte, a dos anos oitenta, este aumento e diversificación da produción literaria occitana seguirá, pero quizabes xa non con tanta forza. Os libros, dos que se multiplicaron os títulos, non se corresponden cunha venda fácil, como no período anterior. Podemos intentar dar algunhas explicacións desa situación nova:

Unha explicación política: o cambio provocado no 81 coa elección de F. Mitterrand como presidente da República, acontecemento que encheu de esperanza a tódolos defensores da lingua. Pero as reformas concretas foron moi limitadas e moi lentas. Esta decepción xerou unha torpeza e unha desmobilización que foron un obstáculo importante para un novo avance.

Esta nova situación política coincide cunha nova situación socio-económica: unha liberalización da vida cultural e a formulación dunha nova relación entre cultura e economía, que nos sorprenderon e que non soubemos aproveitar inmediatamente.

Por primeira vez no Estado francés autorízanse as radios privadas. Os occitanistas queren que se escoite o occitano nas ondas. Estanse a rodar as primeiras películas –e mesmo algunhas longametraxes– en occitano. Mentres que a *Nova cançon occitana* pasa de moda, o interese pola canción e a música tradicionais vai medrando. Evidentemente, a escritura non é o único medio de expresión.

Desenvólvese o ensino do occitano dentro das escolas primarias e mesmo nas de párvulos. Sen embargo, resulta moi difícil para os profesores de institutos, que viñan preparando os alumnos para a proba final do bacharelato, manter efectivos tan importantes coma na década dos setenta, e mesmo as horas de clase que tiñan.

Os rapaces de 16 ou 18 anos poden ler, pero resulta moito máis problemático para os pequeniños. Aínda que xa tiñamos publicado para os maiores, non tiñamos case nada para nenos.

Hai tamén quizabes outra razón para esta situación, máis estritamente literaria; trátase do que os historiadores da literatura chamarían un cambio de xeración (aínda que esta situación estea ligada tamén á evolución da patoloxía lingüística que padecemos). As obras que marcaron as décadas dos sesenta e setenta foron as de autores como Max Roqueta ou Robert Lafont, e mesmo Ives Roqueta ou Jean Larzac, que non pertencen ás mesmas xeracións (naceron todos antes da segunda Guerra Mundial). Mentres que estes autores seguen a publicar e a escribir, outros menos coñecidos ou máis novos, desanimados pola falta de recoñecemento social, de audiencia e de perspectivas, deixaron os seus papeis no caixón.

Quizabes esteamos a penas saíndo desta situación de desconfianza e de dúbida. ¿Que poden representar as nosas capacidades fronte a tódalas forzas políticas, sociais, económicas, culturais que xogan en contra noso? Na época do liberalismo triunfante e da planetarización cultural, ¿como imaxinar un porvir do que estaremos completamente ausentes?

As razóns para a esperanza –tal como eu as vexo– son tres:

Nun período en que o occitanismo non está moito de moda, e que non aparece na primeira páxina dos xornais, o traballo cultural de concienciación e de espallamento da lingua faise aínda máis diversificado, máis serio e máis rico, tanto a nivel local coma rexional. É menos reivindicador, pero máis adaptado ás circunstancias e máis prometedor.

Grupos e asociacións locais, por exemplo, lánzanse nunha operación de salvamento do patrimonio arquitectónico do pobo, poñendo no centro desta iniciativa o idioma local e a cultura occitana oral. Grupos de profesores están a crear programas informáticos para o ensino do occitano. Concellos, como Pueg Laurenc a uns 50 Km de Tolosa, recordando que *Marianne*, o símbolo da Revolución, foi nomeada como tal por primeira vez nunha canción occitana de 1772, celebra o acontecemento cun importante coloquio e unhas festas que comezaron este verán e que se prolongarán ata 1992.

Podería multiplicar os exemplos, pero temo saír demasiado do ámbito literario. Aínda contra esta teima poderíamos argumentar que a literatura que non é vida –incluíndo os sonos e todo o imaxinario–, a que non abarca tódolos aspectos da vida,

non é literatura. Podería ser perigoso caer nunha actitude de desprezo cultural, pero hai que dicir que non van ser os meritos xenuíños, nin as famas literarias ilustrísimas, por grandes que sexan, as que van salvar a literatura occitana. O *Mirèlha* de Mistral non fixo nada contra o fracaso algo organizado da nosa literatura a fins do século XIX e principios do XX. Preguntado sobre o porvir do seu idioma e da súa literatura, é normal que o escritor occitano conteste falando do occitano na vía pública, na televisión, no ensino.

Os progresos no ensino do occitano, especialmente entre os máis novos: a multiplicación de mestres, de cursiños, a aparición de novos métodos de aprendizaxe, o feito de ter en conta os resultados que permiten establecer obxectivamente o mérito do bilingüismo e, mellor, do plurilingüismo. Hai unha evolución das mentalidades, tanto entre a xente culta coma entre o público en xeral. Os herexes e os aventureiros representan hoxe ós precursores, e todos gaban o seu valor.

A construción de Europa. O Estado francés foi desde o principio un dos membros constitutivos da Europa dos Seis, despois dos Nove, e logo dos Dez. Pero na Europa dos Dez Occitania era unha zona aínda fronteiriza apoiada no Pirineo, unha rexión periférica. Desde 1986, coa entrada de España e de Portugal, os occitanos asistimos a unha inversión de signo. Somos agora unha zona de paso, «o ismo, aberto a tódolos ventos» como dixo o poeta e editor Bernard Lesfargues. Recobramos a nosa vocación, que nunca deberíamos ter perdido.

Dentro deste marco podemos proseguir relacións con outras minorías, como nesta semana coa cultura galega. Podemos ser de novo, en palabras de Juan Ramón Jiménez, con vostedes e con moitos máis, elementos activos da «inmensa minoría»¹.

Jordi Blanc

A creación audiovisual occitana

Se lle preguntamos á xente sobre a creación occitana hoxe, aínda os mellores cinéfilos quedarían sorprendidos da súa ignorancia. Os máis informados farían referencia a Pagnol e ó cine meridional, que foi importante en Niza, Burdeos ou Marsella antes de 1945. Outros dirían o nome de Rouquier, ás veces o de Allio ou o de J. P. Denis. ¡Non é moito!

De tódolos xeitos, a creación occitana existe independentemente da imaxe que un se forxara dela. Desde hai dez anos, en Ortès puxemos en marcha un festival do audiovisual occitano, e a partir de aí, cada ano descubrimos produtos novos.

Gracias a estas xuntanzas (das que eu son un dos fundadores) fun adquirindo un coñecemento do audiovisual occitano do que tentarei facervos partífcies hoxe.

1. «Á inmensa minoría», dedicatoria de J. R. Jiménez, *Belleza*, Buenos Aires: Editorial Loda, 1945.

Nada me destinaba a un coñecemento tal, eu non son máis ca un psicólogo de rapaces. Nada, agás o amor profundo da lingua do meu país e o desexo ver de atopar o seu lugar entre os medios da comunicación moderna audiovisual.

As producións audiovisuais que vos vou presentar² forman un conxunto, e van ilustrar o meu propósito. Dan unha imaxe un pouco idealizada da produción audiovisual occitana, particularmente no que se refire ó uso da lingua.

A continuación imos facer xuntos algunhas reflexións:

Sobre o espacio da creación audiovisual occitana, definida polos tres nomes: creación, audiovisual, occitano.

Veremos despois como se sitúa neste espacio a realidade da creación audiovisual occitana. E isto en tres niveis diferentes.

O obxecto audiovisual so pode existir gracias a un público, e daremos o noso sentimento sobre a creación audiovisual occitana a este propósito.

O audiovisual non é unha creación pura, é un obxecto económico importante e dependente.

¿Cal é o futuro dunha creación audiovisual occitana? Isto é o que veremos para rematar.

Aquí sitúase a proxección do programa occitano de Fr3 Tolosa consagrado ó grupo de música e canción bernesca Sub-Rt Albert. Realizador Maurici Andrieu.

Audiovisual / creación / occitano

A asociación destas tres palabras fai que nos preguntemos sobre a situación e a significación de cada unha para definir o espacio que dominan xuntas.

Audiovisual

Para o noso propósito esta palabra será utilizada para toda produción de imaxes en movemento e destinada a un público. Isto é o común para dous soportes técnicos: o filme e o video, que poden ser de xéneros diferentes: a ficción, o documental, a reportaxe.

Deixamos a un lado a foto, que non se mostra ó público da mesma maneira. Merecería unha atención particular, porque deu a Occitania moitos artistas.

O filme está frecuentemente reservado ás obras de ficción, de creación imaxinaria importante. Ademais o filme sitúase nunha vía económica profesional.

2. Esta conferencia fá acompañada de varias proxeccións que iremos indicando no seu momento (N. do T.).

O video, máis fácil de utilizar e de menos custo, é a miúdo utilizado como instrumento de reportaxe, de investigación, de ensaio de todo tipo.

Creación

O proceso de formación é a un tempo persoal e universal.

O creador é por definición unha persoa soa que vai madurar, desenvolver, levar o proxecto cara á súa realización.

Pero esta soidade non é illamento. Cada persoa é ó mesmo tempo froito da súa historia e da pertenza ó grupo social do que saíu. Todo proxecto de creación debe ter en conta estes dous parámetros.

A universalidade da creación vincúlase á universalidade dos mitos que son o corazón da humanidade. O estudio dos contos e lendas ensinounos que non había fronteiras, senón máis ben escritos diferentes segundo os países e as rexións.

Occitano

Esta palabra ten unha connotación lingüística, cultural e xeográfica. Un é occitano cando se ten en conta estas tres dimensións.

Dito isto, a creación audiovisual occitana atopará as súas raíces e o seu nacemento na da creación en xeral e na identidade particular de cada creador coa relación á súa «tribo» orixinaria. A consciencia desta relación social e de tódalas implicacións que conlevan serán máis ou menos importantes segundo os creadores.

Tal e como hoxe están as cousas, a xeografía occitana non ten ningunha realidade oficial: administrativa, económica, física. As rexións de cultura occitana tradicional están seccionadas en rexións xeopolíticas que non respectan as particularidades culturais.

A lingua occitana, oficialmente repudiada polo Estado francés desde o século XVII, mantívose nunha sociedade agrícola de tradición oral. A transformación da sociedade, o desenvolvemento dos novos medios de comunicación, a prohibición da lingua na escola poñen o occitano na mala posición de lingua que morre.

É, pois, importante que os medios de comunicación de hoxe en día falen occitano. En canto que nova cultura oral, á que se engade a fascinación da imaxe, estes medios de comunicación poden ser un elemento para salvar a nosa lingua... ou matala. A creación audiovisual occitana ten, pois, unha función cultural esencial.

¿Que é o que sucede na realidade?

Aquí sitúase a proxección de Rock, realizado no V. A. L (Vídeo animación Lengadòc). Montpelhièr (34) por Miquieu Gayraud / o poeta F. Gastan diríxese en occitano á súa vila, onde un grupo de rock ensaia.

A realidade da creación audiovisual occitana

Nun estado ideal, a creación audiovisual occitana é o que os creadores occitanos de cultura e de lingua producirían no país.

En último extremo a creación audiovisual occitana pode ser a creación feita no país ou que fala do país. Feita esta constatación, imos ocuparnos de tres estados da creación audiovisual occitana.

Rexional e/ou occitana

Cada día nace unha nova casa de produción en Occitania.

Cada día pechan outras tantas.

Estas casas poden ser de dous tipos: sexa a casa que crea solamente para promover unha produción e que morrerá pronto, ou a casa que se establece cun proxecto económico e que ten a miúdo unha actividade diversificada:

Oficina de servizos, que traballa por encargo das empresas ou das comunidades locais.

Oficina de formación, que imparte cursiños máis ou menos especializados.

O V. A. L. (Vídeo Animación Lengadòc-Montpellier-34) é un exemplo, dirixido polo Consello xeral do Eralut; diríxeo, pero Miqueu Gayraud en *Rock* utilizouno en proveito propio. O útil así creador cando non utilitario permite facer unha obra occitana que escapa da súa vocación orixinal.

Folimage en Valença é un exemplo diferente de estrutura rexional. O principio era unha estrutura asociativa que tiña o deseño de animación como distracción e que agora ten un equipo profesional no que traballan unhas vintecinco persoas.

Estas estruturas de creación en rexión non fan referencia a unha identidade occitana, pero sen embargo son a realidade obxectiva actual da creación no espacio occitano.

Por isto hai que consideralas como occitanas e non só porque permiten a M. Gayraud expresarse. Son unha visión da realidade, tanto occitano-rexional coma en sentido inverso.

Occitano sen pretendelo

Na primeira situación puxemos en evidencia o punto de vista xeográfico; agora imos considerar o que é a parte tribal, social ou persoal do realizador.

Andre Techine é un dos cineastas máis importantes do cine francés; acabamos de facerlle unha homenaxe en Ortès como cineasta occitano. Para o seu propio asombro ó principio, mostrámoslle que tódolas súas películas levaban a marca das súas orixes

occitanas. É moi evidente en *Le lieu du crime* onde o Garona (río e paisaxe) convértese nun protagonista do drama. En *Rendez-vous* é máis anecdótico, a acción transcorre en París, pero a heroína chega de Tolosa. A auto-filiación occitana de Techine está marcada pola presenza, en tódalas súas películas, do actor J. Nolot, amigo do realizador e tamén emigrado a París como el, que representa o seu outro eu.

Jean-Pierre Denis marca a filiación occitana de distinto modo. En efecto, na súa primeira película falábase sempre en occitano. Na segunda trata da vida nunha vila do Perigord, e na terceira, *Champ d'honneur* fala francés, occitano e alsaciano segundo as peregrinacións do personaxe principal. J. P. Denis rexeita ser chamado cineasta occitano, quere antes ser recoñecido como creador. Teme que levar esta etiqueta reduza o alcance do seu cine; sen embargo, leva o seu país nas veas.

Poderíamos citar aínda outros exemplos. E habería tamén que citar a tódolos que foron seducidos por Occitania: pola paisaxe, a luz, a cordialidade.

Todos aqueles que precisan de Occitania para crear poden ser considerados cineastas occitanos.

Creación que se reivindica occitana

É o terceiro aspecto que imos tratar a propósito da creación occitana audiovisual.

A miúdo é a intención dos que escolleron persoalmente defender a súa cultura e a súa lingua.

Neste sentido o traballo feito en Fr3 Tolosa polos animadores do programa occitano é exemplar. Desde hai anos pelexan por manter a presenza occitana na televisión rexional: 14mn, 20mn, 30mn, 50mn. Fr3 e Occitania teñen unha vida en común moi cambiante. Fan un traballo de reportaxe, de xornalismo sen tocar a ficción. *Dubert Albert*, programa occitano de Fr3 Tolosa (La Cepière), realizador M. Andriu e *Canfranc*, programa occitano de Fr3 Tolosa (La Cepière), realizador David Grosclaude son a ilustración deste traballo. Un programa similar existe en Marsella. Todo isto non representa, sen embargo, a Occitania completa.

Os *Ateliers Cinematografics Sirventes* de Tolosa foron durante sete anos un lugar de creación moi importante. As curtametraxes *Bufola*, realizado por Francis Forcon, e *Tant que farem aital*, realizado por Roger Souza, dan unha idea do que pode ser o cine occitano de creación moi profesional.

Os A. C. S. eran unha estrutura do C. N. C. (Centro Nacional da Cinematografía) que non puideron dirixirse autonomamente. E é unha lástima.

Jean Flechet, realizador da longametraxe *l'Orsalher*, ten unha xestión orixinal, por ser un realizador que é tamén distribuidor. Os filmes *Verds* (La Tissota, 84380 Mondragon) –así se chama a súa productora– permitiron a realización de moreas de curtametraxes, e serviu sobre todo de soporte para *l'Orsalher*. Con esta película inventouse unha maneira diferente de entender o cine, participando nela toda a comunidade militante occitana: participación económica por suscripción, artística

con actores e copartífcipes na concepción do filme, de soporte multiplicando as proxeccións.

A carón desta produción importante está o traballo dos *amateurs* que se exercitan na escritura cinematográfica occitana.

O obxecto audiovisual e o público

A creación audiovisual occitana na súa máxima expresión ten dificultades para existir por razóns de tipo económico, que veremos despois, e tamén por causas que teñen que ver coa calidade do produto.

O obxecto audiovisual na súa función esencial debe ser un medio de comunicación; así poderá ser recibido por un público que vai aceptalo, telo en conta e recoñecerse nel. Esta definición vai a permitirme esbozar dúas críticas sobre os obxectivos da creación audiovisual occitana.

O revista ilustrada occitana, por exemplo, padece de non representar ben o seu papel de medio de comunicación verdadeiro. Por razóns que derivan da produción televisiva, que non dá medios abondo para poder traballar ben, e a causa das eleccións dos animadores que non sempre son acertadas. Así o obxectivo xornalístico do programa non chega ó seu desenvolvemento máximo porque non pode funcionar ben: demasiada languidez e escasos medios técnicos. Pero o que me parece a elección máis desafortunada é a do emprego exclusivo do occitano nas reportaxes. Hai que ter en conta o estado da lingua no noso país, e parécese que sería útil ser un pouco máis flexibles.

Pero a crítica da calidade pode tocar ó máis fondo da creación. Servíndose da lingua como dunha bandeira, querendo ser a calquera custo un portavoz, e mostrándose como o defensor cultural, algúns realizadores sepáranse do corazón da creación. Poñen o didactismo diante da autenticidade, a explicación mata a poesía e non se pode falar entón de creación verdadeira.

O que nos ofrece Rogèr Souza en *Tant que farem* é moito máis importante ca unha demostración. A sensibilidade do realizador fala á do público. Esquencemos ás veces que os personaxes non falan en occitano, pero pensamos que o están a facer.

Aquí sitúase a proxección de «Las benalèjas deu bandit mitic aperar Tejedor» («As aventuras dun bandido mítico chamado Tejedor») de M. Gayraud, realizado no V. A. L.

A Economía do audiovisual occitano

A creación audiovisual é unha arte ligada inevitablemente a un proceso de investimento financeiro importante. Toda produción debe ser construída como un produto financeiro. Hai que saber que, só para a parte técnica, unha película curta custa máis de 200.000 francos.

As grandes produccions e o centralismo

O 90% das máis grandes casas de produción, dos medios técnicos, dos actores e dos realizadores están en París.

O centralismo propio do Estado francés refléctese tamén no aspecto cultural e financeiro que fai que ningunha produción importante poida ser feita lonxe de París.

É necesario entrar no gran circuíto da gran produción-distribución-promoción para poder esperar representar totalmente o seu papel na creación tal como a acabamos de definir.

A. Techine e J. P. Denis tiveron a sorte de entrar neste circuíto, pero outros moitos non o conseguiron e quedaron sen poder facer a película ou fixeron un filme que ninguén coñece.

Producir no país

O que acabamos de dicir reflicte ben o difícil que é facer unha produción en Occitania. Para conseguilo haberá que, dun modo ou doutro, conservar os lazos con París. Tódolos laboratorios están na rexión parisina, e a miúdo tamén os técnicos e o material.

¿Que hai que facer para montar unha produción de longametraxe en Occitania? Primeiramente hai que asegurarse de que os lazos París-Occitania están ben instalados, logo hai que tentar resolver ben a ecuación entre os medios financeiros disponibles e as ambicións creativas.

¿Que facer se isto non existe? Quizabes tentar traballar a menor custo, pero a miúdo a creación non ten o valor desexado. Encontrar a alguén que o financie, por exemplo unha cadea de TV que comprará ou producirá o filme.

Cando de todos modos o realizador ten a vontade de levar a cabo unha produción auténtica corremos o perigo de ver desaparecer o útil de creación-produción. É a mala aventura que aconteceu en Marsella co Centro Mediterráneo de Creación Cinematográfica. René Allio montou co C. M. C. C. unha estrutura de realización e de produción que permitiu a moita xente ter a posibilidade da escritura audiovisual. Allio quixo servirse do C. M. C. C. para producir a longametraxe *Matelot 512*. As axudas financeiras recibidas non estiveron á altura das expectativas, o filme tampouco tivo o éxito esperado, e foi unha quebra para o filme e para os útiles de produción.

É un pouco a mesma historia dos A. C. S. de Tolosa.

Non lle sucedeu nada parecido a l'*Orsalher*, pero l'*Orsalher* é máis ca un filme; e tamén o entusiasmo dos occitanos que o levaron a cabo, e a causa disto ten un lugar entre as nosas lendas.

As axudas dadas polas comunidades públicas

Como toda película en Francia, a creación audiovisual occitana pode pedir e esperar do C. N. C. o «Avança sus recepta» ou obter algunhas axudas financeiras. De todos modos, a mellor cousa que o C. N. C. deu a Occitania foron os A. C. S. Unha boa estrutura e moito mellor ca uns patacóns.

Os lugares de poder público (consellos xerais, consellos rexionais, municipalidades) son a miúdo requiridas de distintas maneiras para axudar á creación audiovisual occitana.

Moi frecuentemente as axudas financeiras permitiron moitas das realizacións.

Os establecementos públicos déronse conta de que gañarían máis sendo máis selectivos con estas axudas, dadas un pouco por todos lados, ás veces ó chou. A imaxe de marca da rexión toma valor cando se fai saber que un determinado filme foi feito gracias á contribución da vila, do departamento ou da rexión. Esta toma de conciencia fixo aumentar as axudas, e en contrapartida fixo cambiar tamén as esixencias dos poderes. Como queren ver pagadas as súas inversións teñen tendencia a axudar a producións de prestixio... que non son as que o merecen máis.

Isto é o que sucede na rexión de Aquitania. Noutros lugares vemos organizar a polfítica cultural cun pouco máis de coherencia.

A distribución

A existencia do público é esencial; se non o hai o produto audiovisual non cobra vida. É como un libro que ninguén le. Este é o risco que corre a creación audiovisual occitana.

A distribución dos filmes en salas é difícil. O circuítu comercial domínano algunhas grandes casas que só queren comercializar os filmes que consideran rendibles.

O circuítu de «Art et essai» permite unha distribución de produtos interesantes, pero dálles unha etiqueta intelectual que non todos teñen.

A distribución asociativa non é unha verdadeira distribución, xa que non é continuada.

Vemos pois que a distribución en salas dos filmes longos é difícil. Aínda o é máis para os curtos...

Hoxe en día a televisión xoga un papel importante na industria cinematográfica en xeral; na creación audiovisual occitana tamén. Case todo o que vos mostrei hoxe tivo a sorte de pasar pola TV. Pódese comprar.

A televisión pode axudar tamén realizando ela mesma, no cadro da produción propia da cadea, o que se chama un telefilme. Pode tamén participar na co-producción cando esta é grande.

Os festivais

Son a oportunidade da creación audiovisual occitana, de tódalas pequenas producións que non teñen unha loxística profesional propia. Tamén hai que subliñar que as grandes tamén gustan de mostrarse e distinguirse nestas manifestacións.

O festival *Image/Imatge* de Ortès foi creado para dar un escaparate a creación audiovisual occitana. Festivais hai moitos, pero, para nós, ningún coma este, que só ten por obxecto «A creación rexional e occitana».

Con ocasión deste festival puíden ter un encontro con tódolos realizadores dos filmes que hoxe vos presento. En particular desexo falarvos de Miquèu Gayraud; o seu *Tejedor* é un vello proxecto que por fin puido realizar, agora quereda poder facer dúas longametraxes nos que ten posto o seu interese³.

Aquí sitúase a proxección do programa occitano de Fr3 Tolosa consagrado á ruptura da vía do tren Bearn-Aragon (Canfranc), realizado por D. Grosclaude.

A creación e o futuro

Elixín dedicar a derradeira parte do meu traballo sobre a creación audiovisual occitana a unha reportaxe que fala dun problema de paso de fronteiras. Creo, en efecto, que a creación audiovisual occitana ten o seu futuro no intercambio cultural que simboliza Europa.

Para min, como para tódolos bearneses, as montañas non foron nunca un obstáculo, un impedimento para o encontro. A historia ligounos a Cataluña, Aragón, Navarra. Este tren que desde hai 17 anos xa non pasa pola montaña, por causa da mala vontade da S. N. C. F., demasiado nacional e francesa, non queremos que sexa o tren no que se instale a creación audiovisual occitana.

As rexións deben facer Europa sen ter en conta os estados, e as culturas de Europa deben encontrarse sen escoitar os nacionalismos. En *Image/Imatge* empezamos a anoar os lazos entre a creación audiovisual occitana e a mesma creación en Cataluña. Alí tamén teñen necesidade de saír da súa gaiola. Por isto a multiplicación de festivais e de encontros é necesaria. O feito de vir a Galicia e tamén de falarvos paréceme algo moi importante; se hoxe son eu o portavoz dos realizadores occitanos, espero ver un día encontros entre realizadores occitanos e galegos. A creación audiovisual occitana ten necesidade de encontrar recoñecemento, respecto, atención e ánimo dentro dun sistema de intercambios que a saque do modelo francés no que moi a miúdo é ignorada, marxinalizada ou repudiada.

Fr3 Tolosa dá exemplos interesantes dunha investigación de traballo feita en colaboración cos seus programas de reportaxe: *Alice e Pyrénées-Pireneos*.

A creación audiovisual occitana é tamén o futuro no marco da formación audiovisual. Póñense en marcha cousas novas.

3. No festival de 1994 presentou unha versión da parte central de *Flamenca*, que tivo moi boa acollida (N. do T.).

Se a gran escola do cine francés se fixo europea (a F. E. M. I. S., Fondation Européenne des métiers de l'Image et du Son), eu diríxome a formacións máis próximas. Na Universidade de Toulouse, Guy Chapoullie dirixe con mestría unha M. S. T. (Maîtrise Sciences et Techniques), transformada en 1991 en Institut Universitaire Professionnel, de gran valor, que xa deu a Occitania algúns cineastas do futuro.

Pero tamén hai centros de ensino medio que imparten agora uns ensinados que conduce ó bacharelato audiovisual. En Ortès os estudantes da sección audiovisual contáronnos á súa maneira a volta dun soldado orteciano en 1918.

Aquí sitúase a proxección de De cap ta casa, producido por Per Noste (I. E. O. Bearn) e realizada polos estudantes do Instituto de Ortès.

Penso que xa é hora de mirar cara a adiante e eu teño moitas esperanzas no futuro da creación audiovisual occitana, e en encontros como este de hoxe.

Jean Peir Darrigrand

Camiños da literatura contemporánea. Apuntamentos erráticos

Para entender ben as formulacións da literatura contemporánea, non se pode prescindir dos puntos de arranque máis destacados, tanto no pasado máis remoto coma no máis inmediato. A diferenza do que puido pasar cando os escritores só podían ou querían configurarse como escritores da comarca, ou da aldea (é dicir, desde o século XVI ata o XIX), a maioría dos escritores modernos enmárcanse nunha tradición escrita que procede da toma de consciencia dun conxunto de datos que fundamentan a existencia dunha literatura occitana. Mesmo os provenzais *strictu sensu*, que se pechan no seu destino de escritores de Provenza, foxen dunha definición acorde co peor localismo, pois manexan a miúdo inquiredanzas asentadas no universal, orgullosos da dignidade do seu dialecto.

Os trobadores son, por suposto, o primeiro punto de arranque, pero a referencia ós poetas da lírica medieval (nunha Occitania que se abre paso en Europa) dáse de varias maneiras nos escritores contemporáneos. Trátase, en primeiro lugar, para certos autores, de rescatar a vivencia espiritual da civilización do Amor, e esta lectura pasa pola obra de René Nelli. Outra lectura ten lugar desde o aspecto polémico dos «sirventés», xénero literario asentado na crítica dos acontecementos, compromisos políticos, figuras da época... A xeración do 66 non deixou de inspirarse neste aspecto da obra trobadoresca. Cónstanos, por fin, un eixo de influencia importantísimo, centrado na forma desta poesía, que tanto éxito tivo entre os poetas modernos (Pound, etc.). A obra de Robert Lafont e a do occitano de fala francesa Jacques Roubaud manifestan esta tendencia.

Hai que engadir que, por riba de todo o apuntado, a poesía occitana da Idade Media, recuperada de calquera forma, significa ante todo a nobreza dunha lingua e dunha cultura de alcance europeo que os contemporáneos non poden evitar recordar no momento de inventar un porvir.

Logo veñen outros puntos de arranque e referencias diferentes e moi variadas, pero que teñen unhas liñas determinadas. Pódese dicir, verbigracia, que os poetas e prosistas que se autodefinen como occitanos renegan a miúdo de Mistral (aínda que se trate dunha actitude moi complexa) para ver en Antonín Prebosc en Languedoc ou Camelat en Gascuña a dous antecedentes de moita categoría. En Provenza, en reacción contra a decadencia dos discípulos de Mistral, xorden, desde dentro, as voces intensas de Josep d'Arbaud e Sully-André Peyre. De feito, tanto no caso dos occitanos coma dos provenzalistas, rexéitanse as tendencias máis debilitadoras do felibrismo, empeñado en cerimoniais baleiros, pechados nun pasado de gardarroupa.

Sen embargo, René Nelli e Max Rouquette, escritores nados arredor do ano 1905, son considerados como verdadeiros fundadores da literatura occitana moderna. Ademais, integran o comité da revista *Oc*, nacida por iniciativa dun médico de Toulouse, Ismael Girard, no ano 1923, e que supón un avance extraordinario para a creación literaria na nosa lingua. Nelli, Rouquette, Girard (con Jean Cassou, o traductor francés do *Quixote*) fundaron tamén o *Instituto de Estudos Occitanos* a finais da segunda Guerra Mundial. Con estes escritores configúranse as liñas dunha literatura moderna, sen complexos, e que trata de dar a talla no mundo de hoxe, expresando as máis altas inquedanzas do noso século.

Espíritos abertos ás vivencias dos seus contemporáneos, Nelli e Rouquette manteñen, a pesar de todo, un rigor creativo intransixente, e poderáselles reprochar, desde as xeracións vindeiras, certa falta de «compromiso». Fixan, sen embargo, unha esixencia modélica, e despois do vendaval do 68 acreditáranse como dous dos escritores máis lidos e traducidos do século.

A xeración, que escribe arredor dos anos 50-55, e que na maioría dos casos segue a facelo no día de hoxe, entronca coa liña que acabamos de definir, en canto ó compromiso propiamente literario. Pero, por outra parte, queda moito máis escorada cara á realidade dun mundo entolecido: moitos dos escritores desta xeración non se inhibiron nunca á hora de decantarse, de definirse concretamente. Existe, non obstante unha liña divisoria entre estes escritores; Manciet, Castan e algúns outros inclináronse sempre por unha batalla «cultural», mentres que Boudou e, sobre todo, Lafont non descartaron a loita política. Hai que tratar á parte o caso de poetas moito máis «secretos», como o provenzal mistraliano Max-Philippe Delavouet ou a limosina Marcelle Delpastre. Para eles o universo ábrese e enmárcase nas súas obras. Resultan ser, esencialmente, poetas solitarios. Desde un punto de vista estrictamente literario, esta xeración logra dar á nosa literatura uns escritores decisivos, que influíron sobre os máis novos de modo irrefreable e duradeiro. Basta con volver destacar os nomes de Boudou e Robert Lafont en canto á prosa, e Manciet, inmenso escritor atípico desde o seu recuncho das Landas, tanto en poesía coma en prosa.

Os anos 60 dan luz ás primeiras obras dunha xeración encolerizada. Peire Pessamette, Yves Rouquette, Serge Bec rebélanse contra unha vida pechada nos convencionalismos máis estreitos, pero sobre todo, protestan contra tódalas opresións, económicas e sociais. Non se pode esquecer a orixe da poesía de Bec, que empeza a escribir a raíz do vivido na guerra de Alxeria. Por riba dos temas tratados, que van conmoer profundamente á xuventude occitana, hai que facer fincapé no uso dunha

lingua directa e ás veces brutal que non evita o *argot* e que se centra, por suposto, no occitano falado, dando así á lingua unha presenza total no seo da sociedade moderna.

No terreo aboado para a explosión do 68, moitos escritores, mesmo entre os que pertencen ás xeracións anteriores, coinciden nas reivindicacións que no país occitano non deixan de ter un aspecto moi particular presidido pola afirmación empedernida dun pobo e dun país que «só pretende vivir». Escritores novos como Jean Larzac, Rotland Pécout, Rosaline Roche abren fogo, xa que, como din eles mesmos, «decidimos que temos razón», por recoller o lema ideado por un deles. Nace a colección poética *Quatre Vertats*. Por todas partes xorden revistas. É un tempo de ilusión e de ilusións, tanto para ben coma para mal. A canción, o teatro incorpóranse á «movida». Desta xeración, disolta en aras da «privacy», queda moito máis ca un rescaldo: fraguou un destino. Destino dun país e dunha civilización á beira da nada, desde logo: a lingua e a cultura rendidas ante o poder abafante da homoxeneización e do seu contorno desapiadado. Pero o que pasa aquí non deixa de ser tamén o reflexo dunha circunstancia global. No ollo do furacán atópanse tódalas linguas minorizadas, que non minoritarias (e coidado ¡non se salva nin a francesa!). Enfrontados a tal reto, os escritores occitanos seguen dando a cara. Rescatan as esixencias creativas deixadas ás veces de lado ó fio do 68, volvendo a miúdo unha busca interior. Móvense entre a tentación do fantástico –con ambientacións moi logradas nas novelas de Michel Chadeuil ou de Jean-Claude Serres– e a reiteración dun lirismo desconsolado e asolador -a poesía de Felipe Angelau pero tamén os relatos de Jean-Marie Pièire. Sen embargo non se pode abordar seriamente a literatura do momento sen insistir en que volve a unha certa clandestinidade. As revistas morren, o público dilúese, o escritor carga só co destino da súa civilización. Mentalizado para isto desde a Idade Media, o escritor occitano coincide no camiño con tódalas voces actuais que se negan a afogar no silencio que se lles reserva desde o altisonante Imperio Único.

J. Pire Tardiu